



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



Acta da reunión de Asemblea Xeral da Federación Galega de Tenis celebrada o 18 de decembro de 2021 ás 16:30 horas en segunda convocatoria e á que asisten os seguintes membros:

Presidente: José Mosquera Casero

Secretario/Xogador: Ignacio López López

Clubs:

Escuela de Tenis Marineda- D. Gabriel Fernández Mourelle

Sporting Club Casino Coruña-D. Juan J. Medin Guyatt

Clube Deportivo Empresariais Ourense: D. Julio C. Rodríguez González

CC Deportivo de Sanxenxo: D. Antón Hernández Otero

Club de Tenis Cidade Olívica: D. Jorge Comesaña Comesaña

Club de Tenis Ponteareas: D. Manuel Regueira Regueira

Ureca: D. Eduardo Giménez Cencillo

Árbitros:

D. José M. Fariñas Cid

D. Manuel Ángel Martínez Baz

D. Fernando Rodríguez Ferreira

Deportistas:

D. José Deus Brage

Dña. María Berini Pita da Veiga

D. Francisco Javier De la Torre Fernández

D. Luis Fernández Martínez

Asistencia al Presidente:

Marco A Casal Costas – Dirección Deportiva

Asistencia a Secretario

M^a Jesús Fernández García

O orzamento presentado é o seguinte:

Acta de sesión: Antes de iniciar a sesión da reunión, o presidente solicita facer un minuto de silencio en memoria de D. Manuel Santana, recentemente falecido.

A sesión é aberta polo presidente que agradece a asistencia aos presentes dando paso aos distintos puntos da Orde do día:

1. Aprobación da acta da reunión anterior.

É aprobada por unanimidade.

D Luís Fernández fai mención ao que di a acta sobre o imposto do 347, en 2022 farase con referencia aos datos do 2021 pero no 2023 xa as licenzas non se terán en conta porque se entenderán como prestación de servizos.

2. Aprobación do Orzamento de ingresos e gastos do 2020.

Toma a palabra o presidente para dar explicación de cada unha das contas que se presentan, primeiro en referencia aos ingresos e despois dos gastos.

Fai constar que os soldos e salarios dos traballadores da FGT subirán un 2%.

**FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS**

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767

**ORZAMENTO DA FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS 2022****INGRESOS**

ORZAMENTO DE INGRESOS			
CONCEPTO	ORZAMENTO 2021	PREVISION A 31/12/2021	ORZAMENTO 2022
Cuotas	211.000,00 €	249.616,35 €	232.653,00 €
Cuotas de afiliación	- €	150,00 €	- €
Licencias	148.000,00 €	174.216,00 €	165.000,00 €
Equipos	46.500,00 €	53.553,00 €	51.153,00 €
Tramitación Cuadros Resultados	10.000,00 €	9.347,35 €	10.000,00 €
Cursos	6.500,00 €	12.350,00 €	6.500,00 €
Prestación de Servicios	173.925,00 €	172.500,00 €	188.925,00 €
Escuela de Tenis de Samil	148.285,00 €	154.000,00 €	162.285,00 €
Instituto Municipal de Deportes	8.640,00 €	- €	8.640,00 €
Ingresos por Torneos FGT	17.000,00 €	18.500,00 €	18.000,00 €
Subvencions Institucións Públicas	117.054,00 €	182.621,88 €	192.112,00 €
Deputación de Ourense	- €	8.982,68 €	9.500,00 €
Deputación de Pontevedra	- €	6.847,40 €	6.000,00 €
Xunta de Galicia-Convenio	106.254,00 €	106.254,00 €	109.412,00 €
Xunta de Galicia-Equipamentos	- €	1.900,00 €	1.900,00 €
Xunta de Galicia-Minoracións	- €	9.489,00 €	- €
Concello de Ourense	- €	4.500,00 €	4.500,00 €
RFET -CTP	10.800,00 €	10.800,00 €	10.800,00 €
RFET- WTA Ourense	- €	7.637,00 €	14.000,00 €
RFET-WTA Vigo	- €	7.692,00 €	14.000,00 €
Xunta de Galicia-O Teu Xacobeo	- €	17.719,80 €	- €
Concello de Vigo -Deportes	- €	- €	8.000,00 €
Concello de Vigo- Vide	- €	800,00 €	- €
Xunta de Galicia-Igualdade -WTA Fem	- €	- €	14.000,00 €
Outros Ingresos	14.200,00 €	9.740,54 €	14.500,00 €
Outros patrocinios	6.700,00 €	4.700,00 €	9.200,00 €
Outos Patrocinios Wta Vigo e Ourense	500,00 €	1.500,00 €	6.000,00 €
Marvi Trofeos	1.200,00 €	1.200,00 €	1.200,00 €
Gadisa	5.000,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €
Ingresos por asistencia a competición	7.000,00 €	- €	- €
Ingresos del Circuito Gadis	500,00 €		500,00 €
Revisións créditos incobrables	- €	- €	- €
Outras devolucións	- €	- €	- €
Outros ingresos			
RFET	- €	200,00 €	- €
Aplicación Subvencions	- €	4.800,00 €	4.800,00 €
Outros Ingresos	- €	40,54 €	- €
TOTAL INGRESOS	516.179,00 €	614.478,77 €	628.190,00 €

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF-G15102767

**FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS**

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



TOTAL GASTOS	507.704,09 €	610.382,76 €	623.186,60 €
BALANCE	8.474,91 €	4.096,01 €	5.003,40 €

ORZAMENTO DA FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS 2022**GASTOS**

CONCEPTO	ORZAMENTO 2021	PREVISION A 31/12/2021	ORZAMENTO 2022
Gastos Persoal Fed	207.152,07 €	211.896,07 €	216.063,32 €
Área Administrativa	51.198,84 €	51.198,84 €	52.222,82 €
Área Deportiva	57.013,23 €	57.013,23 €	59.953,50 €
Escuela Tenis Samil	98.940,00 €	103.684,00 €	103.887,00 €
Seguros Sociais	71.202,02 €	72.529,22 €	73.701,61 €
Área Administrativa	16.827,33 €	16.827,33 €	17.163,88 €
Área Deportiva	18.522,80 €	18.522,80 €	18.893,25 €
Escuela Tenis Samil	35.851,89 €	37.179,09 €	37.644,48 €
Total Gastos Persoal Federativo	278.354,09 €	284.425,29 €	289.764,93 €
Área de arbitraje	9.000,00 €	9.354,31 €	9.000,00 €
Área de Marketing e novas tecnoloxías	1.500,00 €	2.868,41 €	2.000,00 €
Servizos Exteriores	59.820,00 €	69.041,93 €	61.950,00 €
Xestoría	4.600,00 €	4.600,00 €	4.600,00 €
Arrendamentos e Cánones	600,00 €	- €	- €
Seguros	32.900,00 €	41.838,61 €	38.300,00 €
Suministros, Correos e Outros	8.150,00 €	12.033,77 €	5.650,00 €
Prevenición Riscos Laborais	700,00 €	- €	- €
Reparacións e conservacións	2.500,00 €	2.300,00 €	2.500,00 €
Escola Tenis Samil Varios	2.050,00 €	2.801,35 €	2.050,00 €
Area Deportiva- Dirección	- €	1.185,96 €	1.000,00 €
Servizos bancarios- ETSamil	3.100,00 €	1.525,24 €	3.000,00 €
Outras Perdidas FGT	5.220,00 €	2.757,00 €	4.850,00 €
Área de Docencia	6.500,00 €	3.500,00 €	6.500,00 €
Área de Promoción do Tenis	4.350,00 €	3.759,62 €	3.050,00 €
Área Tecnificación -programas FGT	40.000,00 €	34.261,49 €	42.000,00 €

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF-G15102767

**FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS**

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



Gastos Deportivo	89.830,00 €	189.804,33 €	181.400,00 €
Convenios Colaboración Ctos Galegos e Master	5.830,00 €	2.200,00 €	3.900,00 €
Asistencia Ctos de España	19.000,00 €	19.782,40 €	19.000,00 €
Convenios Organización Ctos Internacionais	16.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €
RFET-Homologación Licenzas	15.000,00 €	20.608,00 €	17.000,00 €
RFET-Tramitación cadros competicións	6.000,00 €	7.103,15 €	6.000,00 €
Organización Torneos WTA- Ourense e Vigo	- €	84.306,86 €	84.000,00 €
Gastos Torneos FGT	15.000,00 €	22.519,32 €	15.000,00 €
Selecciones Gallegas	2.000,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €
Bonificacións e subvencións por convenios	11.000,00 €	21.284,60 €	24.500,00 €
Fiesta del Tenis	7.000,00 €	- €	7.000,00 €
Órganos de Gobierno	9.000,00 €	2.853,66 €	7.000,00 €
Proceso Electoral	- €	- €	3.000,00 €
Intereses de deuda	550,00 €	364,05 €	550,00 €
Gastos Extraordinarios	1.500,00 €	2.178,00 €	1.500,00 €
Servizos Profesionais	300,00 €	- €	500,00 €
Gastos e Perdas exercicios	- €	- €	- €
Amorizacións	2.000,00 €	7.971,67 €	7.971,67 €
Total Gastos	509.704,09 €	610.382,76 €	623.186,60 €
Total Ingresos	516.179,00 €	614.478,77 €	628.190,00 €
Balance	6.474,91 €	4.096,01 €	5.003,40 €

Faise especial referencia ás partidas de ingresos e gastos relacionadas cos torneos internacionais femininos de Ourense e Vigo. Hai que ter en conta que as partidas de ingresos das distintas institucións, como Deputacións, Concellos ou outros Consellerías da Xunta de Galicia e da RFET son liñas de actuacións referentes a eventos de especial relevancia e deporte feminino. O presidente quere deixar claro que de non facer estes torneos os cartos perderíanse, pois as axudas son específicas desta liña de actuacións.

Á consulta sobre se se valoran existencias, respóndese que se están seguindo as indicacións marcadas polos auditores designados pola propia Secretaria Xeral para O Deporte.

Faise unha desagregación do programa de tecnificación ao completo, dando as cifras que completan o programa, que inclúen as becas por resultados.

**FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS**

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO
 OFICINA 1 - 36209 VIGO
 TELÉFONO: 986 21 29 82
 G15102767



D. Luís Fernández solicita que en próximos detalles de orzamentos ou liquidacións de exercicios procúrese enviar xa a desagregación desta conta e que se potencia o máximo posible.

Tamén fai unha apreciación entre o gasto estimado e as axudas recibidas para os torneos internacionais, xa que lle sae negativo.

A resposta é que se esperaba que o concello de Vigo puidese asignar unha partida para subvencionar o torneo internacional feminino de Vigo, pero finalmente non o fixo.

D. Luís Fernández quiere expresar a súa opinión de que priorizar a organización dos torneos WTA pode ocasionar que se reduza a marxe de manobra da Federación Galega de Tenis. Entende que a organización dun bo circuíto achegaría moito mais aos xogadores galegos.

Lémbrese de novo que as subvencións son específicas para eventos de especial relevancia.

En referencia á amortización, dicir que está o último vehículo federativo e dúas pistas de touch tennis incluídos.

A aprobación dos é sometida a votación, do que sae o seguinte resultado:

Votos a favor: 13

Votos en contra: 0

Abstencións: 3

3. Tarifas para o ano 2022

As tarifas presentadas son aprobadas por unanimidade:

Licenzas FGT– VIXENCIA 01/10/2022 – 30/09/2023

Senior >18 anos	45€	Primeira Licenza para os xogadores e xogadoras, que non tiveron licenza anteriormente. A este tipo de licenzas pódese aplicar o programa de bono licencia. Os presos son de 25€ para os maiores de 25 anos e de 15€ para os menores de 18.
Junior 17 y 18 anos	24€	
Cadete 15 y 16 anos	24€	
Infantil 13 y 14 anos	24€	
Alevín 11 y 12 anos	24€	
Benxamín ata 10 anos	24€	

A segunda licenza é para os xogadores e xogadoras que tramitaron a súa licenza por 1ª vez na tempada 2021/2022. A súa emisión é do 01/09/2022 ata o 30/08/2023. O seus presos son: 30€ para os maiores de 18€ e de 15€ para os menores de 18 anos.

Honorarios de técnicos e árbitros 2022

Profesor	25,50 €/Hora
Adestrador	18,87 €/Hora
Monitor	14,79€/Hora
Instructor	11,73 €/Hora
Capitanías fora de Galicia	71,40€/día
Capitanías fora de Galicia Técnicos FGT	45,90€/día
Docentes exteriores -Departamento de Docencia-	
Profesor	25,50 €/Hora
Adestrador	18,87€/Hora



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



Honorarios de Árbitros

Un Xuíz de Cadeira cobrará un mínimo de 50,00 €/día aínda que só arbitrase un partido.

Os xuíces de cadeira que actúen como tal en Torneos Internacionais cobrarán a tarifa vixente no CEAT, así como os gastos aos que estas tarifas refírense (desprazamentos, dietas e outros gastos).

Xuíz de Línea	25,00€/día		
Xuíz de Silla Partido	25,00€		
Xuíz Árbitro	73,44€/día		
Xuíz Árbitro adxunto	60,00€/día	Xuíz Itinerante	60€/día 40€/medio día

Homologación de Torneos e Trámite de Cadros de Resultados

Para que os campionatos e torneos saian publicados no calendario oficial da Federación Galega de Tenis, o organizador deberá solicitar autorización e asignación de número de rexistro que será obrigatorio para que os resultados sexan tomados en conta para a clasificación nacional efectuada pola RFET. Este número de homologación deberá figurar obrigatoriamente nas bases do Torneo.

Trámite cadros de resultados de competicións homologadas	1,30€/xogador
Trámite de competicións homologadas en formato liga	0,66€/resultado

Os custos da tramitación dos cadros de resultados están suxeitos ao regulamento en vigor de bonificacións a clubs.

Ademais das cotas pola tramitación dos cadros, os clubs deben abonar o 20% das inscricións á Federación Galega de Tenis.

Cotas a pagar á RFET pola tramitación dos cadros de resultados


Estas cotas axústanse ao regulamento que estea en vigor da RFET. O pago efectúase coa inscrición e o club debe facelo efectivo á federación territorial para que estes poidan ser admitidos para a clasificación nacional. Estas cotas de participación en torneos a pagar á RFET están pendentes de confirmar pola súa banda. No caso de que as modifiquen axustaranse ás novas tarifas.

Cadros xuvenis	1,00€
Sin premios-excepto xuvenis	1,35€
Premios menores de 3.000€	3,50€
Premios entre 3.001€ e 6.000€	4,65€
Premios máis de 6.000€	5,85€
Cadros de parellas	0,50€

Importe máximo das cotas de inscricións

Estes son os importes máximos para as cotas de inscrición nos Campionatos Galegos Individuais

Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete e junior (mas.e fem.)	15€/xogador
Absoluto	21€/xogador
Veteranos	21€/xogador
Circuito Protenis	6€/xogador



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



Cotas de inscripción Campionatos Galegos por Equipos:

Categoría	Div. Honor A	Div. Honor B	1ª Div.	2ª Div.	3ª Div.
Absoluto (mas e fem)	233 €	133 €	112 €	112 €	80 €
Benxamín, alevín, infantil e cadete					100€
Junior					90€

OUTROS GASTOS:

Desprazamentos:

Abonaranse 0,19€ por quilómetro (prezo estipulado Xunta de Galicia) desde o lugar de residencia (ida e volta), gastos de autoestrada ou de calquera medio de transporte público se non se utilizase o propio. Soamente abonarase o transporte cando o desprazamento orixinal-final sexa superior a 15km de ida e 15 km de volta.

Manutención: a todos os árbitros que traballan día completo.

Aloxamento: En estancias superiores a 1 día e distancia do lugar de residencia superior a 150km, o árbitro poderá ser aloxado nun hotel próximo ao lugar de celebración da competición en función de horarios, etc.

Homologación de pistas: 0,00 €

Cotas de Afiliación de Clubs

A tarifa para o alta de novos clubs é de 200€

Para os clubs elementais, aplícase redución do 50% -100€

En zonas do territorio especial promoción vinculado a licenzas, aplícase redución do 100%- 0€

Bóla Oficial 2022:

HEAD

- Autorización ao presidente para solicitar pólizas de crédito por un valor máximo do 10% do orzamento.

Os membros da Asemblea dan a súa autorización por unanimidade.

- Modificación Regulamento de Licenzas a petición da Secretaría Xeral para O Deporte da Xunta de Galicia.

Seguindo as instruccións publicadas no DOG do 10 de Febreiro pola Secretaría Xeral para o Deporte onde pedían a remisión do Regulamento de Licenzas, solicitáronnos a corrección de determinados artigos dos que dá conta brevemente o secretario da Federación, D. Ignacio López López.

O Regulamento enviarase de novo a Secretaría Xeral para o Deporte por ser aprobado por unanimidade nesta reunión, tal como solicitan no seu requerimento e será publicado na web da FGT.

Establécese unha conversación entre os asistentes sobre os períodos de cambio de clubs dos xogadores, entendendo que os prazos e procedementos quedáronse obsoletos, polo que calquera xogador é libre de cambiar de Club, a condición de que non xogase algunha competición por equipos no club inicial na mesma tempada, seguindo a liña de actuación da RFET. Igualmente, para unha mellor organización federativa da nova emisión de licenzas manterase o período de comunicación de cambio de club dos xogadores ata o 31 de agosto. Os que cheguen posteriormente serán estudados en canto á inscrición en equipos, etc.

Don José Deus pregunta por qué se cambiou o período de emisión da licenza federativa, ao que o presidente respóndelle que foi unha decisión da RFET e á que temos que acollernos.

- Calendario de Competición.

O presidente cede a palabra a D. Marco A Casal, que explica por sección o amplo calendario de competición da nova tempada. Déixase a ligazón ao mesmo por ser un documento moi extenso.

O calendario é aprobado por unanimidade.

Ligazón ao calendario oficial da competición organizada pola Federación Galega de Tenis do ano 2022

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF-G15102767



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



https://docs.google.com/spreadsheets/d/e/2PACX-1vRALUYFT0TgC1E6tDGzZfh7_DW1wdkClk8Jz_vC5MFI8uN1xa2_mII2ecZea5LhLebuuyoFdqfe4PIB/pubhtml

D. José Deus

7. Modificación ao Regulamento de Competicións

O presidente cede a palabra a Marco Casal que vai desenvolvendo dunha nunha as propostas presentadas: Competición por equipos Veteranos + 60.

- Proponse modificar o sistema de xogo a 4-2. Nestes momentos está a xogarse 3-2, e o que se solicita é que xa que debe ter polo menos 4 xogadores o equipo, que todos poidan xogar individual.

Se debate sobre as vantaxes de empezar a xogar polos dobres ou polos individuais. A Xunta Directiva aposta polo inicio dos dobres porque desta maneira asegúrase o seu xogo.

D. José Deus manifesta que se pasará de chegar a xogar en dúas quendas a xogar en 4 quendas.

A proposta é aprobada con 12 votos a favor e 4 abstencións

- Renovar o sistema sancionador

Durante a pandemia elimínase o sistema sancionador para a competición por equipos en relación con:

- Incomparecencias.
- Envío de actas.
- Equipos incompletos.

Nestes momentos, aínda que con retroceso en estes últimos días, enténdese que para a competición estamos nunha situación de case normalidade e pódese recuperar a aplicación íntegra do regulamento.

Desde o comité de competición solicitan que sobre todo se actúe sobre o non envío das actas de cada xornada, pois é necesario para o control da competición. Por iso, é obrigatorio para os equipos participantes que envíen as actas antes de cada martes ás 12 da mañá. A primeira vez que non se faga darase un aviso, pero a segunda será xa sanción económica de 25€ por acta non enviada.

Írase recuperando íntegramente en función das posibilidades que permita a pandemia, excepto o envío de actas que se retomará xa na competición que se está xogando.

A proposta é aprobada por 13 votos a favor, 1 en contra e 1 abstención

Proposta da competición por Equipos benxamíns

- Solicitaron ao comité de competición a posibilidade que para a competición por equipos benxamíns onde se xoga 2-1, téntese ampliar a periodicidade dos encontros co obxectivo de xuntar varios equipos nunha mesma sede e horario para fomentar a relación entre os xogadores e equipos.

- Esta posibilidade por unha banda é positiva, pero entraña as seguintes dificultades:
 - Haberá equipos que teñan que desprazarse sempre.
 - En caso de aprazamento, aprazaríanse moitos encontros, salvo que as sedes sexan as que teñan instalacións cubertas.
 - Número de pistas necesarias para xogar.

Como proposta intermedia pódese dar a opción a determinados grupos a probar este formato, se funciona pódese establecer para a próxima convocatoria.

O presidente informa que José Deus enviou varias propostas para a competición e por iso cédelle a palabra.



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



Propostas de modificación de Regulamentos dos C. Galegos por Equipos:

A incluír nos regulamentos específicos afectados, cando os campionatos celébranse en categoría única e o número de grupos estea condicionado pola participación.

A proposta reúne DOUS PRINCIPIOS que historicamente se aplicaban:

1º Fases finais con 4 grupos, 2 Z.Norte, 2 Z.Sur o 1ºs. de cada zona só atoparanse na final

2º Os 2º s.de grupo só atoparanse co seu 1º na final

1.- FASE FINAL DIVISION DE HONRA

FASE PREVIA EN 2 GRUPOS, ZONA NORTE E ZONA SUR:

- Grupos de ata 4 equipos: Fase final con 2 equipos por grupo, semifinais 1º N – 2º S, 1º S – 2º N.
- Grupos de 5 e máis equipos: Fase final con 3 equipos por grupo, cadro como +35 e +45.

FASE PREVIA CON 3 GRUPOS POR PROXIMIDADE GEOGRAFICA:

- Grupos de ata 4 equipos: Fase final con 2 equipos por grupo. Cadro como +35 e +45 determinando os cabezas de serie en función da súa clasificación no grupo en igualdade de partidos disputados (non se terá en conta, nos grupos con máis equipos os resultados co último/ s ata igualar o número de partidos co grupo con menos equipos)

- 1 er. Cabeza de Serie: Pos 1 do cadro (mellor 1º de grupo)

- 2º “ “ : Pos 8 “ (seguinte mellor 1º de grupo)

- O 3 er. Mellor primeiro colocárase nas pos. 4 ó 5 do cadro en función da clasificación do mellor 2º para evitar que 1º e 2º do mesmo grupo enfróntense antes da final.- No caso de que o mellor 2º fose do grupo do 3 er. Cabeza de serie, colocárase o 3 er. Cabeza de serie na posición 5, e o segundo do seu grupo no 4. Os outros segundos colocáranse, co mesmo criterio, no lado oposto do cadro do seu 1º de grupo.

- Grupos de máis de 5 equipos: Fase final con 3 equipos por grupo. Os dous peores terceiros xogan por un posto en cuartos.

- Colócanse os cabezas de serie na maneira indicada anteriormente, sorteando o resto @teniendo en cuenta que os segundos non coincidan polo mesmo lado do cadro que os seus primeiros.

FASE PREVIA CON 4 GRUPOS, 2 ZONA NORTE E 2 ZONA SUR. (Inscripción ata 23 equipos)

- A fase final disputarana 2 equipos por grupo e segundo os DOUS PRINCIPIOS antes sinalados.

Clasifícanse os 4 primeiros segundo os resultados de cada grupo a igualdade de partidos. Nas posicións 1 e 8 do cadro colocaranse, arriba o mellor Nº 1 e abaixo o mellor Nº 1 da outra zona

Nas posicións 4 e 5 os outros cabezas de serie segundo o criterio anterior.

Os segundos sorteáense polo lado oposto do cadro onde estea o seu 1º de grupo.

FASE PREVIA CON 24 EQUIPOS O MÁIS: Estableceranse 2 categorías como en +34 e +45 utilizando a clasificación do ano anterior. Con 2 grupos (Zona Norte e Zona Sur) de 6 equipos.

No caso de primeiros enfrontamentos entre equipos será LOCAL o que mellor posto conseguise no seu grupo, e a igualdade de posto mellores resultados en igualdade de partidos.

Despois dun amplo debate, onde Marco Casal ao final das distintas intervencións explica o que fai o Comité de Competición ao peche de inscrición para establecer os calendarios da competición por equipos. Os asistentes non aproban a proposta porque se perdería un dos valores fundamentais que caracteriza a toda a competición, que é a proximidade xeográfica tan fundamental para o bo desenvolvemento da competición. En particular, aclárase que a competición de veteranos de 55 anos levou a cabo tal como aprobouse na Asemblea do 2020.

2.- ENFRONTAMENTOS COPA DAVIS.

Cando un partido resólvese por WO, ademais do previsto no réxime disciplinario, non se terá en conta a rotación. No caso de coincidir o enfrontamento no futuro será nas pistas do gañador por WO.

Se é de mutuo acordo, non computará.

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF-G15102767



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



Esta norma xa viña sendo aplicada, pero sirva para referendar a actuación dado o caso.
É aprobada por unanimidade.

3.- ALTERNANCIA DE SEDES EN LIGAS PREVIAS A UNHA VOLTA OU DÚAS VOLTAS.

Cando un campionato modifique a disputa das súas fases previas de ligas a unha volta ou dúas voltas, procederase como segue:

- Liga precedente a dúas voltas: Determinaranse as sedes segundo o SISTEMA DAVIS e se houberse algún equipo de nova participación (sen antecedentes DAVIS) estableceranse os seus partidos como local/visitante para equilibrar os resultantes do SISTEMA DAVIS do resto de equipos, tendo en conta que o novo equipo, se a liga é par xogase a metade dos partidos como local e se é impar a metade menos un. (liga de 6 equipos, 3 como local. Liga de 5 equipos, 2 como local.)

- Liga precedente a unha volta: Sortearase a primeira volta tendo en conta o SISTEMA DAVIS, mantendo o do punto anterior para o caso dun novo participante (sen antecedentes DAVIS).

En referencia a este punto, xa foi comentado ao debater a primeira das súas propostas. O formato da competición vén dado segundo o número de inscricións, organizando sempre da mesma maneira os cadros resultantes.

En canto á prevalencia da norma á que fai referencia D. José Deus, tal como veu aclarando neste punto da orde do día, sempre se procede da mesma forma, e se se fan excepcións son por causas xustificadas que se axustan ao poder proceder correctamente coas competicións e sempre no beneficio da propia competición.

8. Informes do Presidente

- A RFET tentará potenciar as licenzas e para iso está a estudar a posibilidade de minorar o prezo das homologacións dos xogadores que tramiten a súa licenza por primeira vez. Como na Federación Galega de Tenis xa vén aplicando o desconto de 1ª e 2ª licenza non influirá no prezo ao xogador.

- Formalizouse en Comisión Interterritorial da RFET a proposta en firme á Xunta Directiva da mesma para que os xogadores poidan volver poder dobrar partidos na medida do posible e co tempo suficiente de descanso, que se establece en 3 horas. É algo fundamental para o abaratamentos dos custos nos desprazamentos dos xogadores aos torneos.

- Está a xestionarse tamén a proposta de diferenciación das cotas da RFET para pagar polos clubs, segundo a súa categoría. Espera que esta diferenciación de cotas xa sexa vexa reflectido en 2022


- Ten un compromiso da Secretaria Xeral para Ou Deporte para subvencionar de forma específica os dous torneos internacionais femininos, xa ben sexa por deporte, xacobeo ou igualdade

9. Rogos e preguntas

-D. José Deus pregunta se se revisou a póliza do seguro vixente en canto á cobertura dos maiores de 65 anos. Responde D. José Mosquera que no que respecta a coberturas establécese claramente que estas son as estipuladas en REAL DECRETO - BOE.es - BOE-A-1993-16129 Real Decreto 849/1993, do 4 de xuño, polo que se determina as prestacións mínimas do Seguro Obrigatorio Deportivo. Está formalizada desde o primeiro de xuño con Surne.

- D. José Deus solicita unha explicación ao escrito recibido por parte do Comité de Competición sobre a solicitude de aprazamento dun partido se o representante dun club ou persoa física assembleista ten que asistir á Asemblea e non pode ir xogar co seu equipo. A solicitude de aprazamento será aceptada, pero debe facerse coa antelación suficiente e se finalmente non se asiste á Asemblea nin o equipo tampouco ao partido (a non se por causa xustificada) daráselle o partido por perdido.

Non está de acordo con esta resolución.



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



A resposta é unánime, se o equipo non vai xogar o encontro aprazado, nin tampouco hai representación na reunión pola que se pide o aprazamento, (salvo un motivo xustificado), o equipo comete unha incomparecencia sen lugar a ningunha dúbida.

Sigue comentando que a asemblea nunca foi informada das decisións dos distintos Comités da Federación Galega.

Solicita fáganse informes dos acordos mais importantes que adoptan estes Comités. Se forma debate.

Respóndeselle que non se levantan actas, tómase nota dos acordos e notifícanse as resolucións deses acordos aos distintos órganos a quen compete, xa sexa Xunta Directiva e Comisión Delegada que logo se fai falta levan á Asemblea.

D. Luís Fernández fai referencia á proposta que enviou sobre aplicar uns pequenos axustes sobre o orzamento que permitirían potenciar o programa de tecnificación con mais axudas aos clubs e xogadores que están esforzándose en tentar que os seus xogadores cumpran os seus obxectivos de alta tecnificación. Polo que pide ao presidente unha resposta ao seu escrito.

Por último lembra aos asistentes que se este ano declarárase o 347, polo que solicita que un mes antes desde a Federación fágaselles chegar a situación que vai ser declarada

E non habendo mais temas que tratar, péchase a sesión da reunión sendo as 20:30 horas, levántandose a presente acta que se asina co Vº Bº do Presidente

VºBº

O Presidente



Ignacio López López
Secretario FGT